

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ILLA DE AROUSA, A

#### Contratos administrativos

#### *LICITACIÓN DE OBRA DE REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA RÚA MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAI*

#### ANUNCIO

Por acordo do Pleno do Concello de 01 de marzo de 2018 aprobouse o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas particulares que ha de rexir a convocatoria por procedemento Aberto, mediante tramitación urxente, para a adxudicación da obra de “REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAI”.

Por acordo do Pleno de 28 de marzo de 2018 aprobouse a suspensión do expediente de licitación por mor da necesidade de introducir modificacións no proxecto técnico aprobado segundo requerimento formulado polo Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Por acordo do Pleno de 11 de xuño de 2018 aprobouse o levantamento da suspensión do expediente de licitación, unha vez obtido informe favorable do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia para a execución do investimento.

Deste modo publícase o anuncio de licitación da obra de “REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAI”, conforme ós seguintes datos:

**1.—Entidade adxudicataria:** Datos xerais e datos para a obtención da información:

- a) Organismo: Concello de A Illa de Arousa.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Obtención de documentación e información:
  - 1) Dependencia: Secretaría.
  - 2) Domicilio: C/ Palmeira, 25.
  - 3) Localidade e código postal: A Illa de Arousa, 36626.
  - 4) Teléfono: 986527080.
  - 5) Telefax: 986528700.



Mércores, 13 de xuño de 2018

Núm. 113

- 6) Correo electrónico: [concello@ailladearousa.es](mailto:concello@ailladearousa.es)
- 7) Dirección de Internet do perfil do contratante: [www.ailladearousa.es/contratacion](http://www.ailladearousa.es/contratacion)
- d) Número de expediente: 153/2018.

## **2.—Obxecto do contrato:**

- a) Tipo: Obras.
- b) Descrición: REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAIIS.
- c) División por lotes e número de lotes/número de unidades: Non.
- d) Lugar de execución/entrega:
  - 1) Domicilio: R/ Marqués de Bradomín nº1, 3 e 5
  - 2) Localidade e código postal: A Illa de Arousa, 36626.
- e) Prazo de execución/entrega: 14 meses.
- f) Admisión de prórroga: Segundo prego de cláusulas administrativas particulares.
- g) CPV (Referencia de Nomenclatura) : 45230000.

## **3.—Tramitación e procedemento:**

- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Criterios de adxudicación:
  - c.1.—Enumeración dos criterios non avaliados mediante fórmulas:

Os criterios avaliados mediante xuízos de valor valoraríanse cun máximo de 50 PUNTOS, de conformidade cos seguintes criterios:

- Memoria constructiva, ata un máximo de 40 puntos.
- Memoria de seguridade e saúde, ata un máximo de 5 puntos.
- Programa de actuacións ambientais, ata un máximo de 5 puntos.

- c.2.—Enumeración dos criterios avaliados mediante fórmulas:

Os criterios avaliados mediante fórmulas valoraríanse con máximo de 50 PUNTOS, de conformidade cos seguintes criterios:

- Valoración da oferta económica, ata un máximo de 40 puntos, aplicando a seguinte fórmula:



$$\text{Puntuación máxima} \times \frac{\text{Prezo licitación} - \text{Prezo ofertado}}{\text{Prezo licitación} - \text{Prezo máis baixo}}$$

— Melloras en mobiliario e equipamento interior, ata un máximo de 10 puntos.

*Nota importante:* So se procederá á apertura e valoración das propostas do Sobre C daquelas empresas que obtivesen unha ponderación dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor que superen os 30 puntos.

**4.—Valor estimado do contrato:** 2.148.760,33 euros.

**5.—Orzamento base de licitación**

a) Importe neto (sen IVE): 2.148.760,33 euros.

b) IVE: 451.239,69 euros.

c) Importe total: 2.600.000 euros.

**6.—Garantías esixidas**

a) Provisional: Non se esixe.

b) Definitiva: 5 por cento do importe de adxudicación.

**7.—Requisitos específicos do contratista:**

a) Clasificación: Grupo 4, Subgrupo 7, Categoría 4

b) Solvencia económica e financeira:

- As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Solvencia técnica e profesional:

— Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; se é o caso, os devanditos certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

— Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.



Mércores, 13 de xuño de 2018

Núm. 113

*Nota importante:* O acreditamento das circunstancias sinaladas nos apartados anteriores poderase realizar mediante a certificación dun rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, e deberá acompañarse dunha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

**8.—Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:**

a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados a partires do seguinte o da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

b) Modalidade de presentación: Presencial.

c) Lugar de presentación: Concello de A Illa de Arousa.

1.—Dependencia: Secretaría.

2.—Domicilio: R/ Palmeira, 25

3.—Localidade e código postal: A Illa de Arousa, 36626.

d) Admisión de variantes: Non.

**9.—Apertura de ofertas:** Quinto día hábil tras o remate do prazo de presentación de instancias, ás 12,00 horas, na Casa do Concello sita na R/ Palmeira nº 25 de A Illa de Arousa.

**10.—Gastos de Publicidade:** A conta do contratista.

**11.—Outros gastos:**

a) Taxa pola formalización do contrato: 0,50 por cento do importe de adxudicación.

b) Dirección de obra: 5,52 por cento do importe de adxudicación.

Na Illa de Arousa.

O ALCALDE

Asdo. Carlos Iglesias Cores

